

## AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR 2024-2025

- **Presentación da solicitude: do 21 de maio ata o 21 de xuño de 2024.**
- **Publicación das listaxes provisionais: o 12 de xullo de 2024.**
- **Reclamacións ás listaxes provisionais: 15 e 16 de xullo de 2024.**
- **Publicación das listaxes definitivas: o 22 de xullo de 2024.**

DEBERÁN PRESENTAR A SOLICITUDE **TODOS/AS OS ALUMNOS/AS** QUE DESEXEN SOLICITAR AS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

O NOSO CENTRO PARTICIPA NO PROXECTO EDIXGAL DENDE 1º ATA 4º DE ESO, POLO QUE NON HABERÁ LIBROS DE TEXTO, EN CONSECUCIA NON PODERÁ SOLICITARSE A PARTICIPACIÓN NO FONDOLIBROS PERO SÍ NA SOLICITUDE DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

**NON SE ADMITIRÁN SOLICITUDES PRESENTADAS MÁIS TARDE DO 21 DE XUÑO.**

Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar terase en conta o exercicio fiscal do ano 2022.

**Documentación necesaria para solicitar a participación das axudas á adquisición de material escolar:**

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na páxina **Fondolibros** (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- **DOCUMENTACIÓN:**

**Anexo I.** Se hai varios membros da unidade familiar matriculados no mesmo centro entregárase **UNHA SOA SOLICITUDE**, agás se se presenta de forma telemática que deberá presentarse unha por cada alumno/a

- **Membros computables da unidade familiar:**

-Copia do libro de familia ou:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado de defunción.

- Poderá entregar o **Anexo II** para autorizar a consulta telemática dos datos, se non é así deberá presentar a documentación xustificativa correspondente.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

<https://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>